



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

galicia



IES DE CURTIS

Rúa Xermán de Castro, s/n 15310 Curtis (A CORUÑA)

☎ 881880620 ☎ 881880629

✉ ies.curtis@edu.xunta.es

🌐 <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescurtis/>

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS MATERIAL ESCOLAR CURSO 2020/21.

(ORDE do 12 de maio de 2020 – DOG 19 de maio de 2020)

REQUISITOS:

- Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en calquera curso da ESO, EP e EE
- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 euros no caso do fondo solidario e 6.000 euros para axuda material escolar. *(No caso do Fondo solidario repartiranse libros aínda que superen a renda per cápita de 10.000 euros se quedaran existencias)*
- Ter devolto os libros de texto adquiridos coa axuda ou do fondo do curso 2019/20. **O prazo de devolución remata o 7/07/2020 agás os textos das materias pendentes que será o 7/09/2020.**
- Os beneficiarios comprométese a devolver os libros do curso 2020/21.

ASIGNACIÓN DE LIBROS E IMPORTE DAS AXUDAS:

- Axuda adquisición de material escolar (Art. 2.3) da Orde do 12 de maio de 2020) :
 - Renda per cápita familiar ata 6.000,00 €: Vale para material escolar 50 €.
- Fondo solidario (Art. 2.1 da Orde do 12 de maio de 2020)
 - Reparto de libros en orde inversa á renda per cápita. Corresponderán como mínimo:
 - Renda per cápita familiar ata 6.000,00 € 6 libros
 - Renda per cápita familiar entre 6.000 e 10.000,00 €... 4 libros

No caso de que nunha mesma unidade familiar existan varios membros que reúnan os requisitos para ser causantes destas axudas, percibirase a contía que corresponda por cada un. Presentárase UNHA ÚNICA INSTANCIA para todos os fillos/as matriculados/as no mesmo centro independentemente do tipo de axuda solicitada.

DOCUMENTACIÓN:

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou na web do IES <http://www.edu.xunta.gal/centros/iescurtis/>

A solicitude será única para todos os fillos matriculados nun mesmo centro docente e para calquera das axudas solicitadas (fondo libros e material). **O PRAZO REMATA O 19 DE XUÑO DE 2020.** Os que repitan 4º de ESO e os que non obtiveran praza en FP Básica no curso 20/21 cando non tivesen presentado solicitude no prazo indicado poderán presentala no prazo dun mes logo de formalizar a matrícula. (Artigos 10 e 11 da Orde de 12/05/2020)

2. Xunto coa solicitude presentárase orixinal e copia da seguinte documentación a fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais. (Artigo 12)

a) Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.

No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, o día 31 de decembro de 2017, non coincide coa reflectida no libro terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.

b) No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude deberá

acompañarse un dos seguintes documentos que acrediten esta circunstancia o 31 de decembro de 2018:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalía cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%,
- Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez, ou
- Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

c) Declaración IRPF 2018 e DNI so no caso de non autorizar a consulta telemática.

d) No caso de situación de violencia de xénero no contorno familiar: documentación acreditativa.

3. A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

4. O centro educativo poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada

CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR:

Sempre con datos a 31 de decembro de 2018, entenderase que conforman a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente e, se for o caso, o titor ou titora, ou a persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos ou fillas solteiros menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar.

CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA: (Art. 3 da Orde do 12 de maio de 2020)

Sumaranse as cantidades dos cadros 435 e 460 da declaración da Renda do exercicio fiscal 2018 (presentada en 2019) e o resultado dividirase entre o número de membros da unidade familiar. Computarán por dous os membros da unidade familiar que figurando na solicitude teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN:

- Solicitude de axudas:Ata o 19 de xuño de 2020
- Devolución de libros curso 19/20:Ata o 7 de xullo de 2020
- Materias suspensas, devolución de libros 19/20:7 de setembro de 2020

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS:

A fin de tomar medidas preventivas a consecuencia da pandemia Covid-19, os libros do curso 2019/20 deixaranse xunto co nome d@ alumn@ nun espazo habilitado no patio cuberto do centro. O prazo de devolución remata o 7 DE XULLO, agás as materias pendentes que serán devoltas en setembro.

Respecto ao libros para o curso 2020/21 o alumnado ten a obriga de conservar en bo estado os libros de texto recibidos, así como incorporalos, ao rematar o curso escolar 2020/2021 (xuño ou setembro, segundo o caso), ao fondo solidario que se constituirá no centro (banco de libros).

PUBLICACIÓN DE LISTAXES E CONCESIÓN DE AXUDAS:

- Publicación listaxes provisórias FONDO LIBROS13/07/2020
- Reclamacións ás listaxes provisórias.....14 e 15/07/2020
- Entrega de vales axudas material escolar.....09 ao 24/07/2020
- Publicación de listaxes definitivas14/09/2020
- Entrega de libros de texto curso 2020/21.....A partires do 16/09/2020

NOTA:

A presente información foi elaborada a partires da Orde do 12 de maio de 2020 – (DOG 19 de maio de 2020). En caso de discrepancia so terá validez a citada Orde.